



Unha das numerosas visitas escolares ó Museo das Mariñas. Aquí, na zona adicada ás ANTIGAS ESCOLAS.

Betanzos pedagóxico

ALFREDO ERIAS MARTÍNEZ*

Imaxes do autor

Sumario

Preséntase neste traballo unha síntese de feitos e valores pedagóxicos que aporta o Museo das Mariñas en particular e Betanzos en xeral.

Abstract

In this work we present a synthesis of events and teaching values contributed by the Museum das Mariñas in particular, and Betanzos in general.

ENTRAMOS NO MUSEO DAS MARIÑAS

O Museo das Mariñas é un bo punto de partida para unha visita pedagóxica por Betanzos. Está ubicado no antigo convento de Santo Domingo (s. XVI-XVIII) e conserva fermosas portas barrocas, unha

escalinata monumental, así como vistas magníficas sobre a praza do Campo e sobre a torre da igrexa do propio convento desde a que se lanza o famoso Globo todos os 16 de agosto polas festas patronais de San Roque.

* **Alfredo Erias Martínez** é director do Museo das Mariñas, do *Anuario Brigantino* e arquivista-bibliotecario municipal de Betanzos (<http://www.alfredoerias.com>). Texto publicado, sen imaxes, nas *Actas do I Encontro Iberoamericano de Museos Pedagóxicos e Museólogos da Educación*. Santiago de Compostela, Xunta de Galicia (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Secretaría Xeral, Museo Pedagóxico de Galicia), 2008. Este primeiro encontro tivo lugar do 20 ó 22 de febreiro de 2008 en Santiago de Compostela, facendo os participantes unha visita de traballo a Betanzos.

Anuario Brigantino 2008, nº 31



e África (1867). A colección continúa con mapas posteriores editados tamén en Barcelona por José Paluzié: *España, Portugal y posesiones españolas* (1898) e *Europa* (1903). A isto hai que unir un fermoso mapa en relevo procedente das «Escuelas García Hermanos» de finais do s. XIX probablemente, fabricado por «Perlado Páez y Compañía, Madrid».

Espectaculares e moi raros son dous aparellos das «Escuelas García Hermanos», denominados cada un deles «Aparato mecánico para la colocación de láminas y mapas». Construíronse en Burgos a mediados do s. XIX e amosan unha *Historia Natural* de 1888 e máis unha *Historia Sagrada* tamén de finais do s. XIX.

Naturalmente hai unha colección fotográfica de nenos nas escolas, dos enterros dos irmáns García Naveira e máis do parque «El Pasatiempo», concibido por eles como unha gran enciclopedia pola que os nenos, sobre todo, puideran ver e entender o mundo. Hai dous bustos de bronce, que representan a don Juan e don Jesús, de gran calidade, debidos a I. Díaz Baliño e fundidos por Solórzano, e tamén un cadro ó óleo sobre tea de gran formato, obra do pintor coruñés Morelli, que retrata a dona Carmen Etcheverría Olaverri, esposa de don Jesús García Naveira (por certo, a cara é dela, pero o corpo e as xoias baséanse nunha fotografía de súa cuñada, dona María Iribarne Lascort). Ademais vemos pezas salvadas do museo escolar das

En tempos modernos foi o primeiro que tivo en Galicia un espazo significativo dedicado ó mundo das antigas escolas. As pezas proceden non soamente das «Escuelas García Hermanos» (indianos), senón tamén de outras anteriores de carácter municipal. Iso explica que teñamos unha extraordinaria e moi rara colección de mapas escolares de 1865-67 (estaban enrolados debaixo do tellado do concello e foron salvados por don Francisco Díaz Pereira), editados en Barcelona por Esteban Paluzié y Cantalozella: *Asia* (1865), *América* (1866)



Continúa a visita ó Museo das Mariñas na zona adicada ás ANTIGAS ESCOLAS. En páx. anterior, mapa de España en relevo da casa Perlado Páez, de Madrid, de principios do s. XX, procedente das «Escuelas García Hermanos»...

«Escuelas García Hermanos» (mandíbulas de balea, dous animais disecados, cornamentas de outros, etc.). E, naturalmente, poden ollarse moitos libros escolares.

Nesa zona tamén amosamos proxectores cinematográficos escolares e, seguindo esa liña, alí pódese ver unha síntese de instrumentos que simbolizan a modernidade como o proxector de cine máis antigo de Galicia, gramófonos, aparellos de radio, máquinas de escribir, cámaras fotográficas, albums de fotografías do s. XIX, etc. Dous pupitres lembran os vellos tempos xunto a dúas pezas raras: a bandeira das «Escuelas García Hermanos»



Un dos baleirados do s. XIX, procedente da academia de debuxo clásico de don Francisco Javier Martínez Santiso (Museo das Mariñas).

e a bandeira de «los exploradores de España tropa de Betanzos» dos primeiros *scouts* na cidade.

Pode verse tamén no museo a chamada Sala



Sala da Fundación Jiménez-Cossío no Museo das Mariñas.



Arriba, óleo de Francisco Javier Martínez Santiso coas escolas e asilo «García Hermanos» (a colocación da primeira pedra data do 17-VIII-1908, e no 1911 os dous edificios xemelgos xa estaban en pé). Ó fondo pode verse o desmonte para a construción do sanatorio de San Miguel sobre terreos donados por don Juan García Naveira ás «Hermanitas de los Ancianos Desamparados» no 1930. Museo das Mariñas. Á esquerda, deseño de abano, de FJ Martínez Santiso (1895). Museo das Mariñas.

Fundación Jiménez-Cossío que ten unha serie de pezas de tipo textil que don Manuel Bartolomé Cossío (entre outras moitas cousas, director do «Museo Pedagógico Nacional») e a súa esposa, Carmen López Viqueira, foron recollendo por toda España antes da Guerra Civil. Son bordados, abanos, etc. do s. XIX e de antes, incrementados por pezas de orixe británico, posto que a Inglaterra se tivo que exiliar a familia por causa da mencionada guerra. Esta colección é unha verdadeira xoia, que rezuma o pensamento dun home moi ligado á Institución Libre de Enseñanza, que foi o primeiro en teorizar e dar importancia á arte popular.


Non é cuestión de describir polo miudo o resto do museo, pero debe saberse que aquí se atopa a única imaxe en Galicia dun

líder burgués das guerras irmandiñas: o comerciante e «Alcalde de Hermandad» Afonso de Carvallido, que se representa no seu sepulcro, xunto ó da súa dona, Clara Sanches. Tamén temos o sarcófago da primeira muller de Andrade, Sancha Rodríguez, a laude probable de Nuño Freire de Andrade, o mestre de Christus de Portugal, a imaxe máis antiga dun Santiago Peregrino en Galicia...

Hai que mencionar o único Apostolado da Escola de Rubens que hai en Galicia que foi traído de Amberes no s. XVII para o hospital de San Antonio polos seus fundadores. E tamén vemos a interesante obra dun artista local de finais do s. XIX: Francisco Javier Martínez Santiso (fotos, debuxos, pinturas...)



Visita escolar ó Museo das Mariñas na Sala do Traxe



Maqueta dunha casa campesiña das Mariñas, realizada por don Manuel Lauda. Museo das Mariñas



Maqueta de Betanzos (realizada por don Juan de la Fuente para o Museo das Mariñas), baseada no plano da Enciclopedia de Madoz de mediados do s. XIX.

Logo, este museo é moi interesante no aspecto simbólico, tanto cara a Betanzos como no que se refire a Galicia e mesmo a España. Se xa falamos dalgunhas bandeiras, engádase a das Irmandades da Fala de Betanzos, única que se conserva dese movemento en Galicia, que eu saiba. Un tambor dos bandos de 1844 é tamén unha

peza rara, xunto con medallas da cidade, traxes dun maceiro e dun alguacillillo, etc. E logo está a bandeira do Goberno Republicano Español no Exilio (París), doación da viúva de don Javier Alvajar, cumprindo a súa vontade, e pola fonda amizade desta familia con quen isto escribe. O caso é que se convertiu en lugar de



Estelas funerarias romanas no Museo das Mariñas. Dous baleirados (abaixo, de Espenuca e de Mazarelas) e anaco dun orixinal (Recebés).

Castro de Untia, baseado nos restos que quedan das murallas e nas curvas de nivel. Deseño hipotético de Alfredo Erias.

ofrendas para os republicanos, especialmente todos os 14 de abril.

A diversidade de contidos do museo lévanos tamén ó mundo etnográfico: lagares para o viño; instrumentos do proceso do pan; teares e demais aparellos do proceso de fiado e tecido do liño; Sala do Traxe coa lembranza ó Ballet Galego Rey de Viana; as festas, con atención especial ó Globo de Betanzos...

No aspecto expositivo o Museo aporta algúns recursos técnicos e pedagóxicos que, a pesares da súa sinxeleza, non deixan de ser raros nos museos galegos. Derivan en xeral do debuxo arqueolóxico e aplícanse ó

mundo galaicorromano e á era medieval. Neste senso, entre outras accións, fixéronse **baleirados** de laudes sepulcrais (suposto médico de Fernán Pérez de Andrade, Fernán Pérez de Andrade «o mozo», Diego de Andrade e Fernando de Andrade) e **reconstrucións cromáticas hipotéticas** (escenas de montería do porco bravo da ábsida de S. Francisco de Betanzos). Mesmo me atrevín a dar cor a algúns baleirados sepulcrais, co fin de facer máis próxima a faciana destes persoeiros. E reconstruíronse outras pezas mediante o sistema de punteado e mesmo recreando o espacio con material.



Nesta páx. e na seguinte (lectura de dereita a esquerda) desenrólanse as escenas de montería da ábsida da igrexa de S. Francisco de Betanzos. Deseño e cor hipotética de Alfredo Erias. Museo das Mariñas.

Este é, por conseguinte, un museo de espectro temático amplo no que se intenta contar, mediante imaxes e co mínimo texto posible, unha historia esencial do noso pasado, das nosas raíces; unha historia que chegue antes ó corazón que á cabeza. O asombro é o primeiro paso para edificar un recordo sólido, pero o asombro precisa ás veces de elementos que van máis aló das pezas orixinais: precisa dunha certa concepción teatral, partindo do espazo co que se conta e da circulación por el dos visitantes. Iso intentouse aquí. Por exemplo,

ningún museo de Galicia é tan propicio como o das Mariñas para explicar as guerras irmandiñas. ¿Por que? Pois porque temos, como xa se dixo, ó «Alcalde de Hermandad» Afonso de Carvallido, pero tamén están os seus inimigos, os Andrade do s. XV, grazas ós baleirados dos orixinais da igrexa mosteiral de Monfero.

Aínda hai máis elementos que complementan as pezas orixinais deste museo, tales como maquetas e fotografías. Unha maqueta monumental está na entrada para explicar o territorio da antiga provincia



Museo das Mariñas. Arqueoloxía medieval.



de Betanzos, e outras máis, complementadas con grandes fotografías, amosan noutro lugar a evolución espacial e urbanística de Betanzos, desde o Castro de Untia ata hoxe.

CAMIÑAMOS POR UNHA CIDADE MEDIEVAL QUE ESTÁ ENRIBA DUN CASTRO

Nada máis saír do Museo das Mariñas en dirección á praza do Campo (hoxe García Irmáns) entramos nunha permanente lección de urbanismo, arte e historia. Vemos, de entrada, o Edificio Arquivo do Antigo Reino de Galicia, obra da segunda metade do s. XVIII, o primeiro feito a propósito para arquivo en España. De estilo neoclásico, está dividido en sete naves para as sete vellas provincias. É o edificio máis representativo do antigo reino de Galicia. Á súa beira está o hospital de San Antonio de Padua, fundado no 1674 e cun patio central porticado que aínda mantén o ar do pasado (hoxe é pazo de xustiza). Na mesma liña

Abaixo, sepulcro do «alcalde de hermandad» e «mercador», Afonso de Carvallido, que participou na guerra irmandiña de 1467-69. Á dereita, baleirado dun probable médico do s. XIV da igrexa de San Francisco de Betanzos (cor hipotética de Alfredo Erias). Museo das Mariñas.





Fernán Pérez de Andrade «o mozo» e o seu fillo Diego de Andrade (s. XV). Baleirados con cor hipotética (Alfredo Erias) do Museo das Mariñas. Orixinais na igrexa do mosteiro de Monfero.



Anaco da laude sepulcral dun notario de Betanzos (s. XV). E restos da laude dun cabaleiro armado de arredor de 1400. Museo das Mariñas.

***Fernando de Andrade**, Conde de Vilalba e de Caserta, cabaleiro da Orde de Santiago (sepulcro na igrexa de Santiago de Pontedeume), naceu no 1477 e morreu no 1540. Educouse na corte itinerante dos **Reis Católicos**, participando na conquista de Granada de 1492... No 1500 é xa capitán da armada, acompañando a **Gonzalo Fernández de Córdoba, O Gran Capitán**, a Sicilia na súa loita contra o rei de Francia. Como xeneral acadou a vitoria de Seminara no 1503, o que o pon en rivalidade directa con Fernández de Córdoba, que o reduce á categoría de capitán nas vitorias de Ceriñola (seguida da entrada en Nápoles), Garellano e Gaeta (esta xa no 1504). Baleirado do Museo das Mariñas.*



Na sala do APOSTOLADO DA ESCOLA DE RUBENS (s. XVII) do Museo das Mariñas. De xeito ordenado, sempre se deixa tocar ós visitantes as campás da capela do antigo hospital de San Antonio de Padua, de Betanzos (de onde procede o Apostolado).

estaba a capela de San Roque, hoxe reconvertida en oficina principal de Caixa Galicia, pero que aínda se pode ler dalgún xeito. Pegada a ela está un edificio pequeno, moi singular: o antigo Colexio de Orfas,

construído á maneira barroca na segunda metade do s. XVIII, cun ampuloso escudo da cidade coroándoo.

Ó outro lado da N-VI vemos un gran edificio con ampla galería: é a casa de don



A estatua dos irmáns García Naveira e a súa casa, estilo segundo imperio francés, ó fondo.



O Edificio Arquivo do Antigo Reino de Galicia (s. XVIII).

Agustín Leis Cernadas, político liberal (deputado a Cortes a mediados do s. XIX), construída no 1880-82 cun ar de modernidade que semella querer rachar coa súa imaxe de fidalgo que xa non resultaba interesante naquel estado liberal e menos despois do sexenio revolucionario. Hai máis casas burguesas desta liña (dos Etcheverría, etc.). Pero o Campo está dominado por iconos que miran cara arriba: a torre barroca de Santo Domingo, a Fonte de Diana Cazadora (traída de París e inaugurada no 1867), o palco da música (1927-28), proxectado por Rafael González Villar e a estatua dos irmáns García Naveira, traída desde o parque «El Pasatiempo» no 1983.

A praza do Campo é unha das máis fermosas de Galicia e de España. Nela están representados estilos urbanísticos desde o s. XVI ata hoxe. Aínda queda algunha fotografía onde vemos os típicos soportais orixinarios probablemente do s. XVI, sen arcos e soportados por columnas de pedra á maneira en que quedan na rúa da Fonte de Unta; pero desde mediados do s. XIX foron substituídos por soportais de arco, imitando

a Praza Real de Madrid: de feito, por este tempo chamouse á praza do Campo, «Plaza Real»

Betanzos defínese como unha típica cidade medieval amurallada, con campo de feira extramuros. Así pois, pasado o Campo,




O Colexio de Orfas (s. XVIII).

entramos na vella cidade a través da Porta da Vila. A última construírase arredor de 1550 e sería destruída no 1872, debido á febre do progreso daquel tempo que levou tamén á destrución da maior parte dos soportais da Rúa do Castro, do marabilloso mosteiro gótico de San Francisco, etc. Iso si, quedan na Porta da Vila os tres escudos coa lenda: LAS [ARMAS] DEL REINO E LA CIBDAD (Galicia, Castela-León e Betanzos). Logo, se andamos pola Rúa Travesa decatámonos

que imos dando unha curva e isto é porque Betanzos está enriba do castro de Untia, que aínda está presente: a Rúa Travesa vai por riba dun antecastro e as casas da esquerda están pegadas por detrás a unha muralla castrexa de outro antecastro superior. Deixamos a fermosísima «Farmacia del Doctor Couceiro», a máis antiga de Galicia en funcionamento, pasamos por diante da «Casa del Pueblo» (obra de González Villar) e chegamos a unha praza

*Sepulcro de Fernán Pérez de Andrade (s. XIV).
Igrexa de San Francisco, de Betanzos.*





Arriba, o escultor e pintor Patinha pintando fronte á igrexa e convento de San Francisco. Abaixo, arco da Ponte Nova.

medieval chea de encanto: a de Fernán Pérez de Andrade, coñecida popularmente como O Azougue (de zoco, 'mercado') na que, ademais das típicas casas populares con balcón corrido de madeira (empezados a construír no s. XVI-XVII para secar o maízo, ademais das cebolas e outros produtos de horta), temos dúas das igrexas góticas máis importantes de Galicia: a de San Francisco e a de Santa María do Azougue. A de San Francisco ten máis sepulcros antropomorfos que ningunha outra galega, destacando especialmente o de Fernán Pérez de Andrade (finado en 1397), único en España con escenas de caza. En Santa María, ademais dun retablo con tallas flamencas do s. XV e algúns sepulcros moi interesantes, cabería destacar o único



calendario medieval completo de Galicia que se atopa representado nun capitel da nave sur ou da dereita.

Se damos a volta cara a croa do castro, pasaremos pola cima da empinada Rúa dos Ferreiros, que remata cunha fermosa porta da muralla coa primeira inscrición en letra humanística da cidade, que a data no 1500. E na cima hai outra chea de monumentos arredor da praza da Constitución: a igrexa gótica (antes románica) de Santiago, con varios sepulcros antropomorfos e o retablo do arcediano Pedro de Ben, realizado por Cornelius de Holanda; a torre municipal, o pazo e torre de Lanzós, o pazo gótico de Bendaña, o edificio do concello (finais do s. XVIII e principios do XIX) de fachada neoclásica, debida a Ventura Rodríguez, a Casa Núñez, hoxe convertida en Centro Internacional de Estampa Contemporánea (C.I.E.C.).



*Pazo de Bendaña, Torre «do Reló»
e igrexa de Santiago.*



*Centro Internacional da Estampa
Contemporánea.*



Talleres do Centro Internacional da Estampa Contemporánea.

O CENTRO INTERNACIONAL DE ESTAMPA CONTEMPORÁNEA (CIEC)

Non se pode facer unha viaxe con obxectivos pedagóxicos sen entrar no CIEC, probablemente o centro de gravado máis importante de España e un dos máis significados no mundo. Alí nos atopamos con alumnos e profesores dos lugares máis insospeitados do planeta. Non hai técnica que non se estudie.

O CIEC tivo como precedente os cursos de Gráfica que o propio Jesús Núñez iniciou en 1985.

É un centro onde a creación artística revolotea por todas partes. Pero, ademais dos talleres, existen salas de exposicións temporais de gravado e un interesantísimo museo no que podemos ver estampas de artistas de altísima calidade e non menos renome: Picasso, Miró... É de destacar a rica colección de Luís Seoane e tamén a sala de Jesús Núñez, artista betanceiro moi reconecido, formado en Madrid e Berlín a quen se debe a creación desta marabilla que é o CIEC: sen dúbida unha grata e inesperada sorpresa para o visitante.

CHEGAMOS Ó PASATEMPO

Esta é a sorprendente obra dos irmáns García Naveira, pero, sobre todo, de don Juan. Son «indianos» que volven ricos de América e realizan na súa terra natal grandes

obras públicas e benéficas, a imaxe do que facían e aínda fan os millonarios americanos (Rockefeller, Astor, Morgan... coas súas luxosas casas e coas conseguíntes fundacións benéficas). Isto dalgunha maneira vese en toda Galicia e en España a finais do s. XIX e nas primeiras décadas do XX. Pero o que non é corrente é a gran dimensión da obra dos García Naveira. Juan M^a e Jesús García Naveira naceron na Rúa da Ribeira, nº 53 antigo e 47 actual. Eran fillos de labradores con familiares probablemente zapateiros, como denota o feito de que foran coñecidos polo alcume «Os Subela».

Juan M^a naceu o 16-V-1849 e emigrou á Arxentina no 1869, onde fai unha gran fortuna. Volveu á súa terra no 1893, vivindo en Betanzos ata a súa morte, o 9-III-1933. Entre esas últimas datas creou na súa cidade: un novo Lavadeiro Público das Cascas (1912), o «Refugio» para nenas subnormais (1923), o Sanatorio de San Miguel (1930) e o «Parque «El Pasatiempo».

Jesús naceu o 14-VI-1853, emigrando á Arxentina no 1871, onde se asocia con seu irmán en distintos negocios e empresas. Reside habitualmente en Madrid, aínda que veranea en Betanzos. Morre na Arxentina no 1912. A través do seu testamento realizou en Betanzos: as Escolas Municipais Jesús García Naveira (1917) e a Casa do Pobo (1918).



Betanzos visto desde o gran león do Pasatempo.

Os dous irmáns fundaron conxuntamente: o Lavadeiro Público das Cascas (1901) e o Patronato Benéfico-Docente «García Hermanos» (1908), que constaba dun Asilo (1912) e das Escolas «García Hermanos».

A mellor definición que temos do PASATEMPO douna Luís Seoane, que o chamou «Parque Enciclopédico», expresión que engloba dúas características básicas: 1) a de ser un parque para o recreo e disfrute estético, e 2) a de ser unha extraordinaria e fabulosa enciclopedia de saberes, con finalidade claramente didáctica.

Don Juan foi o gran protagonista desta obra inmensa. Cubría uns 90.000 m² e integraba, nun conxunto cheo de orixinalidade: edificios, esculturas, xardíns... Constaba de dúas partes ben definidas: 1) os xardíns do Pasatempo, que con 80.000 m² se estendían por toda a parte baixa e cha

do conxunto, e 2) O Pasatempo propiamente dito, duns 8.000 m², distribuídos en diferentes niveis, aproveitando a inclinación do borde leste da cunca fluvial.

Iniciou as obras Don Juan García Naveira entre o 1893 e o 1895, recién chegado da Arxentina. O conxunto foi medrando pouco a pouco como se dun organismo vivo se tratase. Nun artigo de *La Gaceta de Obras Públicas* de Madrid (ano 1908) dise:

«como don Juan no sabe estar ocioso, compró un terreno que era erial y de charcas y con una perseverancia increíble, lo ha transformado en una posesión admirable y admirada por todo el mundo, lo cual le tiene completamente obsesionado... y costará muchos miles de duros, pues don Juan García, cada vez más obsesionado por lo que ha hecho y hace, no sabe dar paz a la mano y al bolsillo, y ha de hacer que el nombre de BETANZOS y de la ARGENTINA sean glorificados».



A Boca do Hades ou do Inferno no Pasatempo.

O tempo empleado foi, polo tanto, necesariamente dilatado, con épocas de baixa actividade, como entre 1908 e 1912 cando construía o Asilo e as Escolas e, así mesmo, entre 1914 e 1918 por problemas de subministro de materiais, debido á Primeira Guerra Mundial. Con todo, no 1914 estaba practicamente configurado, aínda que continuou mercando novos terreos e engadindo ideas.

Independentemente de calquera explicación máis ou menos ligada ó comportamento da clase social que representaba don Juan como millonario e como indiano, debemos destacar a función de beneficio social que perseguíu o Pasatempo. Esta finalidade tiña dúas vertentes: 1) a de proporcionar traballo ós desocupados e 2) a de tratar de facer rendible o conxunto, como apoio ó «Asilo». Efectivamente, don Juan chegou a ter uns

200 obreiros traballando ó mesmo tempo, co que non só melloraba as condicións inmediatas de vida de moita xente, senón que tamén fomentaba a aprendizaxe de oficios e técnicas. Hai que ter en conta que se empregaban unha gran diversidade de materiais, tales como: cunchas, croios, esquistos, botellas, etc. Moldéase a propia vexetación; sácaselle partido nun alarde de improvisación xenial ás características do terreo; introdúcese o cemento Portland e novas técnicas constructivas da época..

O propio don Juan dirixía os traballos a pé de obra e, ó parecer, a súa filla Águeda proporcionáballe boa parte dos debuxos que precisaba. Dous parecen ser os piares sobre os que se baseou: 1) a propia visión do mundo e da sociedade que don Juan tiña a partir da súa experiencia vital, e 2) as viaxes que este realizou. Don Juan a penas sabía ler cando emigrou a Buenos Aires, polo que



se viu na obriga de acudir alí a clases nocturnas ata conseguir unha cultura digna. Esta experiencia persoal fixo que dése unha extraordinaria importancia á educación, cousa que se transluce perfectamente no Pasatempo.

No periódico local *Nueva Era* do 7-VI-1914 apareceu a seguinte noticia: «*El profesor de Instrucción Primaria Edelmiro Moreno está encargado de dar clases gratuitas de doce a dos de la tarde a los trabajadores de El Pasatiempo de don Juan García, por orden de este generoso filántropo. Merece unánimes elogios la meritoria obra del Señor Naveira para con sus obreros*».

Pola importancia que don Juan daba á educación, compréndese doadamente que houbo unha vinculación moi estreita entre o Pasatempo e as Escolas. O propio regulamento destas dicía: «*De cuando en cuando, en las épocas y días convenientes, se organizarían paseos y excursiones de práctica escolar, para los alumnos y alumnas de la primera enseñanza, acompañados de sus respectivos profesores, quienes, sin prescindir de la Lección teórica del día, les explicarán cuanto a su vista se presente digno de atención. A fin de desarrollar la facultad*

de discurrir, los niños y las niñas de las secciones más adelantadas, escribirán y redactarán una memoria descriptiva de lo que fuesen observando, y de las impresiones recibidas en estas instructivas, higiénicas y amenas distracciones escolares».

Nesta liña, organizáronse excursións das Escolas a Madrid, Sevilla (Exposición Iberoamericana), Ferrol... e, naturalmente, ó Pasatempo. O propio patio e a parte posterior das Escolas (tamén no «Refugio» onde aínda quedan) tiña tamén numerosos relevos, similares ós do Pasatempo, destinados a este fin pedagóxico, verdadeira «obsesión» de don Juan.

As viaxes foron, desde logo, fundamentais na concepción xeral de don Juan. Arxentina aparece representada amplamente, pero non hai que esquecer o seu percorrido por Europa no 1899: Burgos, Vitoria, Tolosa, San Sebastián, París (onde se preparaba a Exposición Universal), Suíza, Milán, Turín, Venecia, Florencia, Roma, Nápoles, Pisa, Génova... As pegadas parisiñas e italianas son moi visibles no Pasatempo.

Outra viaxe de transcendencia foi a realizada a Exipto no 1910. Dela quedará tamén ampla memoria no Pasatempo.



*O Pasatempo visto desde o
«Estanque del Retiro».*

Da antiga parte baixa do Pasatempo hoxe só queda a Fonte das Catro Estacións, a Estatua da Caridade e a dos irmáns García Naveira (esta trasladada á Praza do seu nome o 10 de abril de 1983), pero desapareceron a Fonte de Neptuno e a Fonte Florentina. Os leóns da entrada están en Covadonga e a Avenida dos Emperadores Romanos ou a dos Álamos (entre os que estaban as estatuas de grandes literatos) soamente son recordo. Nada queda do Estanque dos Papas, nin do Estanque Xaponés. Tampouco está o Mirador Chino, nin o Pabellón Octogonal. Bancos do xardín coas bandeiras dos distintos países tamén desapareceron, así como canles, pontes, surtidores, un labirinto...

Toda esta parte cambiou, é certo, pero hoxe revive de outro xeito, gracias á realización dun novo parque, onde se rescataron moitos dos elementos perdidos.

A parte alta, o Pasatempo propiamente dito, aínda pervive na súa meirande parte ó longo de cinco niveis. No primeiro, atópase a gran entrada á Gruta artificial, coa representación dun elefante e dunha xirafa... Fronte a ela está o Estanque da Gruta coas inscricións «PASATIEMPO» e «1893». Nas súas paredes vense diversos animais: cabalo, camello, dromedario, hipopótamo, rinoceronte...

Comunicado con este estanque hai outro máis pequeno no que se ve unha balea e a boca de Hades ou do Inferno, copiada do italiano Bosque Sagrado de Bomarzo.

Cara ó Sur está o impresionante Estanque do Retiro, recuberto de pedras e cunchas. Nel pode verse un dirixible e dous automóviles. Na cara sur vemos grutas outra vez e, no medio, hai unha illa artificial cun fermoso templete, tendo baixo del dúas mulleres que baleiraban ininterrompidamente

os seus recipientes inesgotables... A Árbore de Guernica tamén está alí representada.

A gran parede que pecha o Pasatempo polo Sur ten a lenda: «ESPAÑA MONÁRQUICA Y SUS 18 HIJAS REPUBLICANAS» cos escudos desas repúblicas. Nesa zona está a Fonte da Agricultura, representando unha campesiña.

Copiadas de manuais escolares e de postais de viaxes vemos diferentes escenas, tales como: o sacrificio do indio Tupac Amaru, a morte dos cristiáns no circo romano, o fusilamento de Torrijos, «La Paz por el arbitraje» (figura puramente xeométrica que alude ós tratados de paz entre os países), etc.

Hai unha parede cun sinnúmero de animais. Outra con azulexos decorados. Nunha máis, vese un buzo e a estación dun funicular. A Arxentina aparece representada con tódolos escudos das súas provincias, ademais da cidade de Buenos Aires, simbolizada polo obelisco da Avenida 9 de xullo. Coroaban o conxunto os bustos en cemento dos doce primeiros presidentes arxentinos (queda un).

No segundo nivel aparece a árbore xenealóxica do Capital, así como un recordo da viaxe dos García Naveira a Exipto, coa imaxe dos protagonistas, copia dunha fotografía tomada ó pé das pirámides. Aparece tamén un aeroplano, a Mezquita de Mohamad Alí de El Cairo, a Muralla China, o Canal de Panamá...

A través dun complexo entramado de grutas chegamos ó terceiro nivel, onde está o león xigantesco (o actual é unha versión do orixinal). Rematan este espazo unhas formas que semellan montañas ou pináculos caprichosos, ó estilo de Gaudí (Parque Güell), do quen toma referencias don Juan.

No cuarto nivel estaba o zoolóxico, con lobos, un yak (regalo de Alfonso XIII)... Permanecían en gaiolas especiais. Tamén había cisnes, ocas nunha «Arca de Noé» con patos nos estanques... Hoxe está previsto ese espazo para cultivo de árbores de distintas especies.



Memoria da viaxe de don Juan e familia a Exipto (1910) no Pasatempo.

O paso ó quinto nivel realízase a través dunhas escaleiras flanqueadas por dúas estatuas (unha representa a Xusticia)... Na cima, hoxe hai un invernadeiro e un espectacular mirador desde onde se ve non só o conxunto do parque, senón tamén a cidade de Betanzos ó fondo.

O Pasatempo entrou en declive coa Guerra Civil, sendo afectado por un campo de concentración próximo que tiña a súa base na antiga fábrica de curtidos dos Etcheverría (lugar da Magdalena), polo que pasaría moita xente (entre outros, Vicente Ferrer); e ese tempo quedou no esquecemento ata que o Concello mercou eses terreos no 1986: para os vellos volveron as lembranzas e para os novos a sorpresa. Andar polo Pasatempo é como facelo polas páxinas dun libro, un libro de pedra, terra e cemento que nos transmite múltiples coñecementos e sensacións...

REMATAMOS A VIAXE

A viaxe pode acabar aquí, pero sempre que se teña en conta que Betanzos aínda

ten moitas outras cousas que ofrecer. Por exemplo, unha xira en barco río Mandeo arriba cara ó campo dos Caneiros, que nos trasladaría ás merendas campestres do s. XIX, ou a exploración de barrios medievais como o da Magdalena coas «casetas do hospital de Lazarados», a capela, a casa do lagar e a fábrica de curtidos do s. XVIII; ou o da Ponte Vella co santuario de Nosa Señora do Camiño (no camiño xacobeo que pasa por Betanzos e que vén desde Ribadeo, por unha banda, e desde Ferrol, pola outra), o da Fonte de Unta, mesmo o barrio dos Xudeos, do que aínda queda algo, ou o das Cascas cos restos do mosteiro do mesmo nome (s. XII). Sen dúbida, o viaxeiro pensará que a Betanzos hai que volver.

O APORTE BIBLIOGRÁFICO DE BETANZOS Á HISTORIA DA EDUCACIÓN

A existencia en Betanzos dun bo Arquivo Municipal, rescatado das tebras a partir de 1981, dunha Biblioteca que traballou moito na recuperación das obras impresas de temática local e dun Museo que foi o primeiro en Galicia en dedicar un espazo importante ó mundo das nosas escolas, favoreceu os traballos de investigación. Pero ademais, o feito de contar Betanzos cunha das revistas de investigación máis antigas de Galicia, o *Anuario Brigantino* (editado polo concello), fai que a cidade sexa unha das mellor estudadas en todos os aspectos na nosa comunidade e tamén no que respecta á Historia da Educación. Esta revista naceu no 1948, saíu logo no 1949 e 1951 para desaparecer trinta anos ata 1981, pero desde ese momento sae ininterrompidamente (*clasificación da Unesco: 080000, Multidisciplinares. Humanidades; categoría: C – Normal*). Por outra banda, convén dicir que o *Anuario Brigantino* está accesible en internet, en formato PDF, desde setembro de 2007 na web: <http://anuariobrigantino.betanzos.net>

Por iso non é estrano que coñezamos con bastante aproximación as institucións educativas antigas como a «Cátedra de Latinidad», as escolas e institutos do s. XIX e XX, o fenómeno das escolas de indianos, aquí potenciado coa presenza do parque «El Pasatiempo», etc. Non é que todo estea estudado, pero si temos unha imaxe xeral do fenómeno educativo na cidade e mesmo, nalgúns aspectos, na antiga provincia.

Evidentemente non hai libro relativo á Historia da Educación de Galicia que non dedique un capítulo destacado a Betanzos, pero agora, como aporte concreto, deixo aquí unha relación bibliográfica de traballos publicados no *Anuario Brigantino* (repito, accesibles en internet) que, dun xeito ou de outro, tratan o fenómeno educativo en Betanzos e máis aló. Naturalmente, inclúese a bibliografía consultada para o presente traballo:

O APORTE BIBLIOGRÁFICO DE BETANZOS Á HISTORIA DA EDUCACIÓN

- ALFARO, Enrique, «La enseñanza profesional obrera y los centros que la realizan». *Anuario Brigantino 1949*.
- ARES FARALDO, Manuel, «La Cátedra de Latinidad de Betanzos». *Anuario Brigantino 1990*.
- BORONDO, Rogelio, 1900, *Memorias de un viaje improvisado*. Betanzos, Imp. Sucs. de Castañeira.
- BRAIS DA BOUZA, «De la cilla de un maestro: con Don Quijote en clase». *Anuario Brigantino 1992*.
- BRAIS DA BOUZA, «De la cilla de un maestro: en pro de la ortografía española». *Anuario Brigantino 1993*.
- BRAIS DA BOUZA, «De la cilla de un maestro: Ayer y hoy, según el criterio de su Real Academia, de casos dificultosos en la enseñanza de la ortografía española». *Anuario Brigantino 1994*.
- BRAIS DA BOUZA, «De la cilla de un maestro: Ayer y hoy, según el criterio de su Real Academia, de casos dificultosos en la enseñanza de la ortografía española (II)». *Anuario Brigantino 1995*.
- BRAIS DA BOUZA, «De la cilla de un maestro: Ayer y hoy, según el criterio de su Real Academia, de casos dificultosos en la enseñanza de la ortografía española (y III)». *Anuario Brigantino 1996*.
- CABANO VAZQUEZ, José Ignacio; PATO, M^a Luz; SOUSA, José, «El Pasatiempo (I): un país de Oriente». *Anuario Brigantino 1986*.
- C.E.M., «Vive a Natureza». *Anuario Brigantino 1991*.
- COSTA RICO, Antón e BENÍTEZ GARCÍA, M^a Xosé, «Marcelino Pedreira: Un mestre coruñés baixo a influencia de Pestalozzi e da Escola Nova». *Anuario Brigantino 1999*.

- COSTA RICO, Antón, «A presenza da institución libre de enseñanza en Betanzos». *Anuario Brigantino 1988*.
- CRESPI RODRIGUEZ, José, «Restauración del Pasatiempo». *Anuario Brigantino 1996*.
- CRESPI RODRIGUEZ, José, «El Pasatiempo: una nueva dimensión». *Anuario Brigantino 1998*.
- CRESPI RODRÍGUEZ, José, «El Pasatiempo: un modelo utópico de ordenación». *Anuario Brigantino 2002*.
- CRESPO, Celestino Luis, «La Enseñanza en Betanzos». *Anuario Brigantino 1948*.
- «Escuela municipal de orientación agrícola de Betanzos: conferencias». *Anuario Brigantino 1948*.
- DÍAZ BLANCO, Elena, «Escola Municipal de Folclore de Betanzos». *Anuario Brigantino 1999*.
- DOMÍNGUEZ GARCÍA, José Manuel, «La cátedra de Latinidad de Betanzos (1614-1853)». *Anuario Brigantino 1995*.
- E.G.P., «Escuela de Formación Profesional de Betanzos». *Anuario Brigantino 1949*.
- ERIAS MARTINEZ, Alfredo, «Sorpresa no Pasatempo de Betanzos: aparece unha lauda sepulcral do s. XV». *Anuario Brigantino 1996*.
- FUENTE GARCIA, Santiago de la, «Los Hermanos García Naveira y sus fundaciones». *Anuario Brigantino 1999*.
- «FUNDACIÓN CIEC: Centro Internacional de la Estampa Contemporánea». *Anuario Brigantino 2001*.
- «FUNDACIÓN CIEC: Centro Internacional de la Estampa Contemporánea». *Anuario Brigantino 2002*.
- «FUNDACIÓN CIEC, Centro Internacional de la Estampa Contemporánea: Un referente nacional en el mundo del Grabado». *Anuario Brigantino 2003*.
- «FUNDACIÓN CIEC, Centro Internacional de la Estampa Contemporánea». *Anuario Brigantino 2004*.
- «FUNDACIÓN CIEC. PANORAMA DE ARTE GRÁFICO ACTUAL». *Anuario Brigantino 2005*.
- «FUNDACIÓN CIEC: Compromiso con el Arte Gráfico». *Anuario Brigantino 2006*.
- HEYVAERT, Anne, «La Fundacion C.I.E.C. Centro Internacional de la Estampa Contemporánea: Apuesta para un centro de gráfica en Galicia, actividades y proyectos». *Anuario Brigantino 1999*.
- LÓPEZ VILLASOL, Carmen, «Dos sueños en piedra: A Quinta da Regaleira y el Parque del Pasatiempo». *Anuario Brigantino 2001*.
- MARIÑO ESPÍNEIRA, Delfín, «El turista ideal del «PASATIEMPO». *Anuario Brigantino 1999*.
- MARIÑO ESPÍNEIRA, Delfín, «El «PASATIEMPO»: pionerismo escénico del «JARDÍN TEMÁTICO». *Anuario Brigantino 1999*.
- MARIÑO ESPÍNEIRA, Delfín, «Juegos en el «PASATIEMPO» surrealista». *Anuario Brigantino 1999*.
- MARIÑO ESPÍNEIRA, Delfín, «Mito y utopía: sabiduría pedagógica del «Pasatiempo». *Anuario Brigantino 2000*.
- MARIÑO ESPÍNEIRA, Delfín, «El corazón de la Fortuna en los arquetipos literarios del «Pasatiempo». *Anuario Brigantino 2001*.
- MARIÑO ESPÍNEIRA, Delfín, «Introducción a la narrativa del Pasatiempo». *Anuario Brigantino 2004*.
- MARTÍNEZ BALEIRÓN, Mónica, «Servizo de Normalización Lingüística (Concellería de Xuventude e Normalización Lingüística)». *Anuario Brigantino 2006*.
- MEIIDE PARDO, Antonio, «La enseñanza secundaria en Betanzos en el siglo XIX: el Instituto Libre y los Colegios Privados». *Anuario Brigantino 1990*.
- MIGUEZ, José Antonio, «Recuerdo y evocación de don Francisco Vales Villamarín». *Anuario Brigantino 1989*.
- MONTERO GÓMEZ, Xosé Manuel e RODRÍGUEZ PORCA, Pedro L., «Cincuentenario do Instituto «Francisco Aguiar» de Betanzos (1952-2002): Historia e conmemoración». *Anuario Brigantino 2002*.
- MORANDEIRA ROEL, Pilar, «Mapa escolar da antiga provincia de Betanzos na segunda década do s. XIX». *Anuario Brigantino 1989*.
- MORANDEIRA ROEL, Pilar, «O ensino primario en Betanzos: 1839-1844». *Anuario Brigantino 1990*.
- PEDREIRA DOPICO, Justo Javier, «Escola-Taller 'Pasatiempo'. Las Escuelas-Taller trabajando para el futuro». *Anuario Brigantino 1993*.
- PEDREIRA DOPICO, Justo Javier, «Escuela-taller 'Pasatiempo'. Factor de potenciación social». *Anuario Brigantino 1994*.
- PEDREIRA DOPICO, Justo J., «El Centro de Formación Ocupacional». *Anuario Brigantino 1995*.
- RIVERA VÁZQUEZ S. J., Evaristo, «Betanzos y el Colegio de Jesuitas de Ancéis». *Anuario Brigantino 1991*.
- RODRÍGUEZ EIRÍS, Emilia e GARCÍA GONZÁLEZ, XOSÉ ANTONIO, «Didáctica do Museo das Mariñas (I): Idade Media». *Anuario Brigantino 1993*.
- RODRÍGUEZ EIRÍS, Emilia e GARCÍA GONZÁLEZ, Xosé Antonio, «Didáctica do Museo das Mariñas (II): o Apostolado de Rubens e o Hospital de San Antonio de Padua». *Anuario Brigantino 1994*.
- TORRES REGUEIRO, Xesús, «A Irmandade da Fala de Betanzos: 1917-1930». *Anuario Brigantino 1991*.
- «Un Instituto Laboral, en Betanzos: Decreto de 7 de setembro de 1951...» *Anuario Brigantino 1951*.
- VALES VILLAMARÍN, Francisco, e outros, 1918, *Xogos Froraes de Betanzos, 1918*. Editado polas Irmandades da Fala de Betanzos e impreso na Imprenta de Manuel Villuendas.